

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**3647** *Real decreto lei 1/2016, do 15 de abril, polo que se prorroga o Programa de activación para o emprego.*

I

O Goberno e os interlocutores sociais asinaron o pasado 15 de decembro de 2014 o «Acordo sobre o Programa extraordinario de activación para o emprego» co obxectivo de mellorar a empregabilidade e dotar de novas oportunidades os traballadores desempregados con maior dificultade de inserción.

Como consecuencia do citado acordo aprobouse o Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Programa de activación para o emprego. Este programa, extraordinario e específico, dirixese aos traballadores desempregados de longa duración que se encontran nunha situación de especial necesidade, con cargas familiares e que realizan unha busca activa de emprego.

O programa comprende a realización de políticas activas de emprego coa finalidade de aumentar as oportunidades de retorno ao mercado laboral dos beneficiarios, as cales xestionan os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas, e xúntaselle unha prestación económica de desemprego por importe do 80% do indicador público de rendas de efectos múltiples mensual vixente (426 euros), que xestiona o Servizo Público de Emprego Estatal.

O 15 de abril de 2016 vence o prazo para solicitar o acceso ao programa. Por iso, o Ministerio de Emprego e Seguridade Social realizou unha valoración del, xunto coas comunidades autónomas e os interlocutores sociais, e concluíu que o programa foi eficaz para a inserción e atención dos desempregados de longa duración.

Así, grazas a este programa, o 31 de marzo de 2016 atendéronse 161.583 desempregados de longa duración. A todos eles se lles realizou un itinerario personalizado de inserción.

Ademais, beneficiáronse da prestación económica de 426 euros case 100.000 persoas (99.410).

Un 16% dos beneficiarios da prestación foron inseridos no mercado laboral (15.212), con datos de febreiro, e nalgunhas comunidades autónomas rozou o 30% de inserción.

O programa inclúe como novidade destacada a posibilidade de compatibilizar a prestación coa remuneración recibida ao traballar por conta allea, co fin de facilitar a inserción dun colectivo con especiais dificultades para inserirse no mercado de traballo. Así, o 87% das persoas contratadas acollidas á compatibilidade mantiveron o seu emprego tras finalizar o programa.

Polo anterior, resulta de grande importancia manter as medidas de activación para o emprego establecidas no citado Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro, de xeito que contribúan a mellorar a empregabilidade dos traballadores en situación de desemprego e faciliten o seu retorno ao mundo laboral, máxime cando se trata de persoas desempregadas de longa duración con responsabilidades familiares que esgotaron a súa protección por desemprego e que, precisamente por este motivo, presentan especiais necesidades de protección, o que exige que se prorrogue o Programa de activación para o emprego próximo a finalizar a súa vixencia e se mellore o acceso a el dos potenciais beneficiarios.

Como xa acontecera coa aprobación inicial do Programa de activación para o emprego, a súa prórroga e modificacións introducidas por este real decreto lei resultan coherentes coas recomendacións específicas do Consello da Unión Europea relativas ao Programa nacional de reformas de 2015 de España. En particular, a terceira destas recomendacións insta a tomar medidas para aumentar a calidade e eficacia da axuda e do asesoramento para a busca de emprego, elemento nuclear do programa que se pon de manifesto na

necesidade de asignarlles ás persoas participantes un titor individual que as acompañe na realización dun itinerario individual e personalizado de emprego.

Nesa mesma liña e por razóns análogas, a situación presente aconsella manter temporalmente o programa de recualificación profesional das persoas desempregadas que esgoten a súa protección por desemprego, regulado no Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, baseado en accións de políticas activas de emprego e na percepción dunha axuda económica de acompañamento.

## II

O real decreto lei consta dun artigo único, dunha disposición transitoria e de tres disposicións derradeiras.

O artigo único refírese ás modificacións introducidas no Programa de activación para o emprego.

O primeiro punto dá nova redacción á alínea b) do artigo 2.1 do Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro, e facilita que as persoas en situación de desemprego máis recente cumpran o requisito.

O segundo punto modifica o prazo en que se pode presentar a solicitude de incorporación ao programa, evita a solución de continuidade co actualmente vixente e esténdeo durante un ano máis, ata o día 15 de abril de 2017.

A disposición transitoria única ten como fin permitirlles a incorporación ao programa a aquelas persoas que reúnan no novo período de solicitude todos os requisitos de acceso, agás o relativo á inscrición como demandante de emprego na data do 1 de abril de 2016, no caso de que se encontrasen inscritas na data do 1 de decembro de 2014.

A disposición derradeira primeira refírese ao título competencial que ampara a aprobación desta norma.

A disposición derradeira segunda modifica a disposición adicional segunda do Real decreto lei 1/2013, do 25 de xaneiro, polo que se prorroga o Programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego e se adoptan outras medidas urxentes para o emprego e a protección social das persoas desempregadas, e permite a prórroga automática dese programa mentres a taxa de desemprego sexa superior ao 18 por cento segundo a última enquisa de poboación activa.

A disposición derradeira terceira prevé a entrada en vigor deste real decreto lei.

## III

En canto á extraordinaria e urxente necesidade que a Constitución exige no seu artigo 86 para aprobar este real decreto lei, concorren estes requisitos nas dúas medidas que se pretenden adoptar coa presente norma.

O 15 de abril de 2016 é o último día para que os desempregados poidan presentar a solicitude de incorporación ao Programa de activación para o emprego. Por iso, a necesidade de que a prórroga do programa entre en funcionamento ao día seguinte, para evitar unha discontinuidade na aplicación das medidas contidas nel e a conseguinte desprotección dos traballadores desempregados, xustifica que, de xeito urxente, se aprobe este real decreto lei.

Fundaméntase en razóns similares a modificación relativa ao Programa de recualificación profesional das persoas que esgotan a súa protección por desemprego. A evolución do mercado de traballo en España permite estimar que, de forma inminente, a taxa de desemprego no noso país, conforme os criterios da enquisa de poboación activa, pase a estar por debaixo do 20 por cento.

Este carácter inminente xustifica a urxencia de que se modifique mediante esta norma a disposición adicional segunda do Real decreto lei 1/2013, do 25 de xaneiro, e se permita a prórroga automática do Programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego mentres a taxa de desemprego sexa superior ao 18 por cento. Ademais, a necesidade de manter este programa ten a súa razón de ser en que, malia os avances rexistrados no mercado laboral español durante os últimos anos, persiste

hoxe en día un elevado nivel de desemprego que afecta en especial os desempregados de longa duración que esgotaron as prestacións ou subsidios.

Na súa virtude, en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de abril de 2016,

DISPOÑO:

Artigo único. *Prórroga do Programa de activación para o emprego.*

O Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Programa de activación para o emprego, queda modificado como segue:

Un. A alínea b) do número 1 do artigo 2 queda redactada do seguinte xeito:

«b) Estar inscrito como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego competente con data do 1 de abril de 2016. Este requisito entenderase cumprido nos supostos en que o traballador, aínda non estando inscrito como demandante de emprego nesa data, teña interrompida a inscrición debido á realización dun traballo por conta allea, sempre que a duración do contrato for por tempo inferior a 90 días».

Dous. O número 1 do artigo 4 queda redactado do seguinte xeito:

«1. Para seren admitidas no programa e obter o recoñecemento da axuda económica de acompañamento prevista no artigo 7, as persoas desempregadas deberán presentar a solicitude de incorporación ao programa entre o 16 de abril de 2016 e o 15 de abril de 2017. A solicitude deberá presentarse conforme o modelo que se determine, na Oficina de Prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal que corresponda á persoa desempregada. Á solicitude deberá xuntarse a documentación acreditativa de que se reúnen os requisitos recollidos no artigo 2 e conterá o compromiso de actividade que deberá subscribir o solicitante».

Disposición transitoria única. *Aplicación do requisito relativo á inscrición como demandante de emprego.*

As persoas que se encontrasen inscritas como demandantes de emprego na data do 1 de decembro de 2014 poderán ser beneficiarias do Programa de activación para o emprego sempre que reúnan todos os requisitos de acceso ao programa exixidos no artigo 2 do Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro, agás o establecido no seu punto 1.b), relativo á inscrición como demandante de emprego na data do 1 de abril de 2016.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.7.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución por parte dos órganos das comunidades autónomas, e as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto lei 1/2013, do 25 de xaneiro, polo que se prorroga o Programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego e se adoptan outras medidas urxentes para o emprego e a protección social das persoas desempregadas.*

A disposición adicional segunda do Real decreto lei 1/2013, do 25 de xaneiro, polo que se prorroga o Programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa

protección por desemprego e se adoptan outras medidas urxentes para o emprego e a protección social das persoas desempregadas, queda redactada nos seguintes termos:

«A vixencia do Programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego prorrogarase de forma automática por períodos de seis meses, a partir do 16 de agosto de 2013, sempre que a taxa de desemprego sexa superior ao 18 por cento segundo a última enquisa de poboación activa publicada con anterioridade á data da prórroga e se reúnan, dentro do período prorrogado que corresponda, os requisitos establecidos no Real decreto lei 23/2012, do 24 de agosto».

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de abril de 2016.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY